



DECLARACIÓN POLÍTICA

GALEUSCAT, A ALIANZA POLÍTICA A PROL DUN ESTADO PLURINACIONAL

Madrid, 25 de xaneiro de 2006



1.- Antecedentes históricos.

A Alianza entre as forzas nacionalistas vasca, galega e catalá vén de lonxe: o noso proxecto común recorreu un longo camiño cara á definición dunha estratexia compartida e unha unidade de actuación co obxectivo de acadar o recoñecemento xurídico-político das nosas realidades nacionais.

A principios do século XVIII estabelécese o modelo de estado español baseado no centralismo e o uniformismo e consolídase no século XIX, o que trae consigo un profundo deterioro das realidades pluriculturais, plurilingües e plurinacionais.

Ante a práctica negación das nosas realidades nacionais, o sentimento identitario vai tomando conciencia en Euskadi, Galiza e Catalunya: vanse creando asociacións e entidades culturais de prestixio, movementos cidadáns a favor da lingua e a cultura nacionais, formacións políticas, sindicatos, etc. con vocación de construír nación.

Nese contexto, as forzas nacionalistas de Galiza, Euskadi e Catalunya comezan a traballar conxuntamente na busca dunha estratexia concertada:

- ✓ O 11 de setembro de 1923, Diada Nacional de Catalunya, asínase en Barcelona o **Pacto da Tripla Alianza** avalado por Francesc Maciá, Nicolau d'Olwer, Ventura Gassol e Antoni Rovira i Virgili por Catalunya; Manu Egileor, Eli Gallastegi, Uribeetxebarria e Manu Robles Aranguiz por Euskadi e Alfredo Somoza e Franciso Zamora por Galiza.
- ✓ Dez anos máis tarde, asínase o **Pacto de Compostela** no Pazo de Fonseca en Galiza, creándose **Galeuzca** coa participación, entre outros destacados nacionalistas, de Batista i Roca, Nicolau d'Olwer, Castelao, Suarez Picallo, Alonso Ríos, Irujo e Rezola.
- ✓ A Alianza Galeuzca quedou truncada pola sublevación militar do 36. A guerra, a derrota e a interminábel ditadura non puideron co compromiso daquela xeración de persoas comprometidas coa democracia e as liberdades. Mesmo durante os duros anos do exilio, o lehendakari Agirre, Castelao e Pi i Sunyer traballaron por manter vivo o acordo e sobre todo, a memoria das realidades nacionais de Galiza, Euskadi e Catalunya.

Por todo isto, perdurou, e segue vivo, un sentimento de irmandade e solidariedade entre as sociedades galega, vasca e catalá. E tamén unha certa complicidada social e política que se mantivo mesmo nos anos máis negros do franquismo, evidenciando que a tenacidade democrática e as aspiracións dos pobos son superiores en fortaleza á negación dos dereitos individuais e colectivos e ainxusta agresión ás liberdades e á cultura.



En xullo de 1998 subscríbese a **Declaración de Barcelona** polo Bloque Nacionalista Galego, Convergencia Democrática de Catalunya, Unió Democrática de Catalunya e Euzko Alderdi Jeltzalea- Partido Nacionalista Vasco, retomándose e anovándose así o vello e permanente obxectivo de traballar, a través da acción coordinada, para lograr o recoñecemento xurídico-político das nosas realidades nacionais.

A **Declaración de Barcelona** inicia **unha nova etapa, unha nova oportunidade para o traballo coordinado, nun escenario moi distinto ao que coñeceu a vella Galeuzca, un escenario marcado por unha Europa en proceso de articulación económica e política e que avanza, a medio prazo, cara a unha nova redistribución do poder político.**

Hoxe, transcorridos case oito anos, seguimos reivindicando a súa vixencia e por iso:

- Facemos un chamamento á sociedade española para dialogar sobre unha nova cultura política e promover unha concienciación colectiva da súa plurinacionalidade.
- Ofrecemos a Europa e ao mundo as nosas propostas en defensa da diversidade, desde a convicción de que é posíbel a convivencia positiva e creativa.
- Comprometémonos, así mesmo, coa colaboración entre os sectores más activos da cidadanía nos eidos intelectual, cultural, educativo, profesional e empresarial, co obxectivo de dialogar acerca das nosas propostas e difundilas.

Asumimos estes compromisos desde o necesario respecto á especificidade das nosas respectivas nacións e desde o respecto ás decisións estratéxicas que cada partido adopte, en función do seu diagnóstico, análise e ideario político.

2. O reto político de GALEUSCAT: tempo de encrucillada, tempo de oportunidade.

O recoñecemento pleno dos feitos nacionais de Euskadi, Catalunya e Galiza esixe tecer unha complexa rede de acordos políticos e escrupuloso respecto democrático ás decisións cidadás.

Neste tempo de encrucillada, o Estado español representa para as formacións políticas de GALEUSCAT unha ameaza e unha oportunidade:

- por unha banda, o Estado español é a institución que nos nega como nacións, que ignora os nosos dereitos nacionais. É un Estado que non cre na diversidade e non acepta, na práctica, o pluralismo -a plurinacionalidade- mesmo cando o declare



retoricamente e mesmo trate de interpretalo segundo a súa exclusiva perspectiva política.

- o Estado é, ao mesmo tempo, o espazo político prioritario da nosa acción concertada.

A estratexia que seguen as forzas políticas maioritarias do Estado respecto aos nosos dereitos nacionais está ben articulada. Son exemplos disto:

1. A aposta pola homoxeneización artificial do sistema autonómico que trata de ocultar e diluír as nosas institucións e realidades nacionais.
2. A presentación das nosas esixencias democráticas como extravagancias ou privilexios cos consecuentes retrasos e/ou bloqueos estatutarios, creando á vez a imaxe de “insaciabilidade” do nacionalismo.
3. Un discurso de deslexitimación social do nacionalismo no conxunto español (violencia en Euskadi, presión económica catalá, proxección da falsa visión de que o progreso de Galiza é inviábel sen a presunta solidariedade exercida polo Estado, etc.);
4. A negación da participación directa das nosas institucións nacionais na UE e nos foros internacionais en xeral, o que afecta directamente ao desenvolvemento dos proxectos nacionais de Euskadi, Catalunha e Galiza.

Ante tal situación, a nosa decisión de fortalecer e consolidar definitivamente a acción política convxunta de GALEUSCAT leva consigo os seguintes compromisos e tarefas:

1. Impulsar as relacións con outras forzas políticas que consideran un valor democrático o recoñecemento á plurinacionalidade e ás nacións como realidades vivas que han de ser recoñecidas como tais polos estados.
2. Traballar na análise, a adecuación permanente e a actuación convxunta nos programas que sustentan as políticas más coherentes coa plurinacionalidade dos Estados.
3. Difundir as nosas propostas políticas ao conxunto da sociedade, e tomar a iniciativa, de forma convxunta e proactiva, para superar as actitudes políticas hostís.
4. Afondar nas relacións coa sociedade civil organizada como forma de comunicación, intercoñecemento e colaboración e impulsar tamén as relacións entre elas.
5. Avanzar na coordinación política no Congreso dos Deputados e no Senado e no impulso convxunto á reforma da estrutura institucional do Estado.



A alianza GALEUSCAT entre BNG, CiU e EAJ-PNV constitúe a única alternativa política á idea de Estado-Nación. Xuntos, constituímos a terceira forza política do Estado. Desde esa convicción comprometémonos a actuar desde a reflexión sincera e leal sobre as prioridades e a eficacia da nosa actuación e a facernos cada vez más presentes na vida social e política non só de Galiza, Euskadi e Catalunya, senón tamén na política estatal e europea.

A historia do Estado español ensínanos que os avances no recoñecemento da diversidade de nacións que o compoñen e a maior calidade da democracia sempre foron procesos paralelos.

Desde esta convicción, as forzas nacionalistas maioritarias de Galiza, Euskadi e Catalunya ofrecemos a nosa contribución para demostrar que outro modelo de Estado é posíbel e que a oferta política de GALEUSCAT significa avanzar na convivencia entre os distintos pobos que conforman o Estado español, no afondamento da democracia e na modernización das estruturas do Estado.

Os novos escenarios e os novos retos aos que nos enfrentamos nas nosas nacións poñen de manifesto que o noso obxectivo de construír un auténtico **Estado plurinacional** é de máis actualidade e ten máis sentido que nunca e xustifica as respectivas reformas estatutarias iniciadas.

Neste contexto, o 2006 debe ser un ano decisivo para consolidar ainda máis o noso compromiso común de proxectar e promover un modelo de Estado plurinacional en España, unha terceira vía entre o modelo centralista do PP e o modelo neoautonomista do PSOE.

É unha dura e fermosa tarefa que abordamos sen complexos. Somos unha alianza política con vocación e decisión de futuro. Temos a convicción de que vamos avanzar nos nosos obxectivos, despregando os tres ámbitos imprescindíbeis para iso:

- ✓ a consolidación da acción conjunta CiU, BNG e EAJ-PNV.
- ✓ o diálogo, o debate e o acordo coas restantes forzas políticas, por riba dos lexítimos intereses partidistas.
- ✓ a posta en marcha do Programa de Actuación GALEUSCAT 2006

Debémoslo a aquelas persoas que, en tempos más difíciles ca os actuais, foron quen de crear e sostener GALEUSCAT. Debémoslo en definitiva á ciudadanía de Galiza, Euskadi e Catalunya.



Madrid, 25 de xaneiro de 2006